

Mediante Resolución Reitoral do 8 de xullo de 2014 regulouse a acreditación da formación especificamente sanitaria cursada polos estudantes en titulacións oficiais de grao e licenciatura para os efectos do seu acceso ao Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria. Como anexos á resolución figuraban as materias dos diferentes plans de estudos de Psicoloxía impartidos na Universidade de Santiago de Compostela que outorgaban unha formación de carácter especificamente sanitario.

Na memoria do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria pola Universidade de Santiago de Compostela indícase que deberían considerarse como créditos de formación especificamente sanitaria as materias vinculadas ás áreas de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxicos e Psicobioloxía da licenciatura e os graos en Psicoloxía, incluídos, de ser o caso, o Practicum e o Traballo de Fin de Grao. Así mesmo, poderían considerarse como formación complementaria materias doutros títulos universitarios de Ciencias da Saúde que, a xuízo da Comisión Académica do Máster, completen adecuadamente a formación requirida.

Revisados os contidos e competencias das materias comprendidas na RR do 8 de xullo de 2014 e as que corresponden á formación básica do Grao en Psicoloxía, a Comisión Académica do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria detectou que hai unha materia de formación básica adscrita á área de cofecemento de Psicobioloxía que non está incluída na RR citada é dúas materias, tamén de formación básica que aínda que non pertencen ás áreas citadas están vinculadas á Rama de Cofecemento de Ciencias da Saúde e que outorgan unha formación especificamente sanitaria.

Co obxecto de subsanar esta situación, mediante escrito do 19 de xaneiro a Comisión Académica do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria solicita a inclusión das materias de formación básica vinculadas á Rama de cofecemento de Ciencias da Saúde: Análise de Datos en Psicoloxía e Deseños de Investigación en Psicoloxía, e a materia de formación básica Motivación, Emoción e condicionamento, que ademais de estar vinculada á Rama de Cofecemento de Ciencias da Saúde tamén está adscrita á área de cofecemento de Psicobioloxía.

Verbo de todo o anterior, esta Reitoría



Resolve

Punto único.- Modifícase a Resolución Reitoral do 8 de xullo de 2014 pola que se regula a acreditación da formación especificamente sanitaria cursada polos estudantes do Grao en Psicoloxía da USC para os efectos do seu acceso ao Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria, de forma que no Anexo - apartado 1, relativo ao Grao en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, se incorporan as seguintes materias de formación básica vinculadas á Rama de Ciencias da Saúde: **Análise de Datos en Psicoloxía; Motivación, emoción, condicionamento; e Deseños de investigación en Psicoloxía.**

O Anexo citado, no seu apartado 1 (Grao en Psicoloxía pola USC), quedará redactado como se indica no cadro anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2015

O Reitor,



Juan M. Viaño Rey

ANEXO

1. Relación de materias do Grao en Psicoloxía (Plan 2009; código G2011P01) que conteñen a formación sanitaria para acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (deben terse cursado 90 créditos)

Código	Materia	Carácter	Créditos
G2011102	Análise de datos en Psicoloxía	FB	6
G2011103	Fundamentos biolóxicos da conduta	FB	6
G2011105	Motivación, emoción, condicionamento	FB	6
G2011107	Deseños de investigación en Psicoloxía	FB	6
G2011106	Neurociencia condutual	FB	6
G2011110	Psicoloxía da personalidade	FB	6
G2011224	Neurociencia cognitiva	OB	4.5
G2011232	Avaliación psicolóxica I	OB	4.5
G2011321	Avaliación psicolóxica II	OB	4.5
G2011323	Psicopatoloxía I	OB	4.5
G2011324	Tratamentos psicolóxicos I	OB	6
G2011328	Neuropsicoloxía	OB	4.5
G2011329	Psicopatoloxía II	OB	4.5
G2011330	Tratamentos psicolóxicos II	OB	6
G2011422	Psicoloxía da saúde	OB	4.5
G2011423	Practicum	OB	12
G2011424	Traballo de fin de grado	OB	6
G2011441	Introdución á farmacoloxía do comportamento	OP	4.5
G2011442	Psicoloxía preventiva	OP	4.5
G2011443	Rehabilitación psicosocial en trastornos mentais crónicos	OP	4.5
G2011444	Avaliación e tratamentos psicolóxicos na infancia e adolescencia	OP	4.5

